




GRUPO MUNICIPAL DE PONTEVEDRA

CONCELLO DE PONTEVEDRA	
	Nº <u>18</u>
	DATA <u>18/3/2009</u>
REXISTRO DO PLENO (ENTRADA)	

PROPOSICION DE ACORDO QUE FORMULA O GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR PARA PROMOVER A CONSTRUCCION DUNHA ESTACION INTERMODAL E O SOTERRAMENTO DAS VIAS DO AVE EN PONTEVEDRA.

Telmo Martín González, Portavoz do Grupo Municipal do Partido Popular, presenta para o seu debate e votación no Pleno a seguinte **PROPOSICIÓN DE ACORDO:**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1.- **Introdución**

O Partido Popular considera imprescindible para o desenvolvemento e progreso de Pontevedra a construción dunha estación intermodal e o soterramento ou cubrición das vías do AVE, alomenos no tramo máis urbano, comprendido entre a avenida do Marco e o cauce do río Lérez.

A chegada do AVE a Pontevedra, que no mellor dos casos se producirá no ano 2014, debe aproveitarse para modernizar as infraestruturas relacionadas coas comunicacións. Para alcanzar este obxectivo necesitamos unha nova estación intermodal que dea servizo ao transporte de pasaxeiros por ferrocarril e estrada de longo percorrido, pero que á vez tamén permita mellorar o transporte provincial, comarcal e urbano.

A estación intermodal debería, polo tanto, incluír unha nova terminal de ferrocarril, de autobús, un parking, un intercambiador e servizos comerciais e hostaleiros. En definitiva, trátase de que Pontevedra se dote dunha estación moderna similar ás infraestruturas previstas noutras cidades galegas como Vilagarcía, Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo.

O soterramento ou cubrición das vías nos 2,6 km. comprendidos entre a avenida do Marco e o río Lérez é imprescindible para que as vías do AVE non xeren na cidade unha brecha insalvable que afectará á calidade de vida dos veciños que residen nos barrios atravesados polas vías.

1

SEDE LOCAL



Nestes momentos solo 134 metros das vías atópanse cubertos entre as rúas Loureiro Crespo e Joaquín Costa. As previsións do Ministerio de Fomento son refacer este tramo e cubrir 326 metros máis, o que daría un total de 460 metros. Polo tanto seguirían quedando 2.140 metros de vías sen cubrir, máis do 80% do tramo máis urbano.

2.- COMISIÓN DE TRABALLO

O primeiro paso para dotar a Pontevedra dunha estación intermodal e soterrar as vías do AVE, tal e como fixeron o resto de cidades galegas, é crear unha Comisión de traballo da que formarán parte as catro administracións, Concello, Deputación, Xunta e Ministerio de Fomento, ademais de ADIF, organismo público que se encarga da xestión das infraestruturas ferroviarias.

Unha comisión que debería desembocar na creación dunha sociedade xestora ou organismo similar con representación de tódalas administracións. Organismo que se encargará de completar o actual deseño da chegada do AVE a Pontevedra e tamén de establecer os mecanismos que permitan financiar as melloras que se propoñen.

O feito de que se adxudicara xa a construción do tramo entre a estación de Pontevedra e Cerponzóns (6,8 km.) non debera ser impedimento técnico para incorporar ao proxecto melloras como o soterramento dos 2,1 Km. de vías non contemplados no proxecto adxudicado e a construción dunha estación intermodal.

3.- EQUIPAMENTOS OBSOLETOS

O soterramento das vías e da estación intermodal permitiría liberar un importante espazo urbano, en concreto 118.000 m², dos que 32.000 m² corresponden ao espazo que ocupan agora as vías, 51.000 m² que ocupa a estación de ferrocarril e 15.000 m² do parking e os accesos á estación. Aos espazos ferroviarios hai que sumar os 20.000 m² que ocupa a vella estación de autobuses.



GRUPO MUNICIPAL DE PONTEVEDRA

Ningún destes equipamentos reúne as condicións adecuadas para converter a chegada do AVE a Pontevedra na gran oportunidade de desenvolvemento e progreso que todos desexamos. Conformarse coas estacións de ferrocarril e autobuses que temos actualmente, incluso coas melloras que están previstas, significaría renunciar a que Pontevedra teña as infraestruturas modernas que si conseguiron outras cidades españolas que xa dispoñen de AVE.

O caso máis evidente de deterioro é o da estación de autobuses, que presenta un estado lamentable, con goteiras, mala climatización e iluminación. A terminal de transporte por estrada presenta abundantes deficiencias e escasez de espazos de viaxeiros e autobuses.

4.- NOVOS ESPAZOS

O soterramento da nova estación e das vías permitirá gañar unha bolsa importante de solo de 118.000 m² que redundará nunha maior calidade para os barrios atravesados polas vías pero tamén para o conxunto da cidade.

O Partido Popular propón que os 32.000 m² que nestes momentos ocupan as vías se convertan, unha vez cubertos, nun amplo corredor verde entre os cauces dos ríos Gafos e Lérez. Unha zona verde que atravesaría a cidade ofrecendo un espazo urbano de alta calidade para disfrute dos pontevedreses e especialmente dos veciños que residen nos barrios de Monte Porreiro, San Antoniño, A Seca, A Parda, Estación, Campolongo e O Marco.

Outros 40.000 m² destinaríanse a espazos públicos urbanos, como prazas, paseos urbanos e outras propostas que no seu momento fagan os técnicos encargados de deseñar o proxecto definitivo.

Os 46.000 m² restantes destinaríanse a zonas comerciais, de ocio, oficinas, hotel e á parte da estación intermodal que deba ir en superficie, aínda que esta infraestrutura iría soterrada na súa maior parte.



5.- O FINANCIAMENTO

O desenvolvemento destes 46.000 m² permitiría xerar unhas plusvalías que se destinarían a financiar a construción da estación intermodal, con un custe aproximado de 30 M€, e o soterramento ou cubrición dos 2,1 Km de vías non previstos ata agora polo Ministerio de Fomento e que poderían requirir un investimento estimado en 20 M€.

En calquera caso, si as plusvalías que se xerasen non permitiran obter os 50 M€ que estimamos poden custar as actuacións que se propoñen, a diferenza repartiríase entre as catro administracións involucradas.

Polo tanto, o financiamento do proxecto non debera ser un obstáculo para a súa realización. Estamos propoñendo os mesmos mecanismos de financiamento que se contemplaron para a construción de estacións intermodais noutras cidades galegas como Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo.

6.- PROXECTOS DOUTRAS CIDADES

A fórmula que propoñemos para promover e financiar a estación intermodal e o soterramento das vías é a mesma que se vai aplicar no resto de cidades galegas e tamén na *Operación Chamartín* de Madrid para soterrar a estación do mesmo nome que, por certo, será a terminal de saída e chegada do AVE que comunicará Madrid e Pontevedra.

En Vigo está previsto soterrar a estación de Urzáiz e convertela nunha terminal intermodal. Enriba construíranse 2 grandes prazas públicas, unha avenida de 35 metros sobre as vías soterradas e un vial de conexión directa entre a estación e a AP-9. A nova estación financiarase coas plusvalías urbanísticas que xerarán a construción dun centro comercial, un hotel, un área de recreo e un gran parking.

En Santiago de Compostela os plans son reconverter a actual estación nunha terminal intermodal eliminando a estación de autobuses situada na rúa Rodríguez de Viguri. O proxecto tamén inclúe un gran parking de 2.000



GRUPO MUNICIPAL DE PONTEVEDRA

prazas. As actuacións financiaranse de maneira similar ao previsto en Vigo, mediante a concesión de usos comerciais e residenciais.

En A Coruña vaise construír a estación intermodal de San Cristóbal que se financiará coas plusvalías urbanísticas. En palabras do Alcalde da cidade, trátase "*do proxecto de maior envergadura económica, transportes e infraestruturas dos últimos 100 anos*".

Plans similares, que inclúen a construción de estacións intermodais e o soterramento das vías, están previstos noutras cidades galegas como Ourense, Lugo e Vilagarcía.

En Madrid, na chamada *Operación Chamartín*, participan dous ministerios, o de Fomento e o de Vivenda, a Comunidade de Madrid e o Concello. Este proxecto foi cualificado como a actuación urbanística máis importante de Europa ó afectar a 3 millóns de m². Está previsto un investimento total de 10.953 M€, dos cales 4.200 M€ corresponden ás infraestruturas públicas que se financiarán integramente coas plusvalías urbanísticas que xerará o convenio aprobado polas catro administracións.

7.- OPERACIÓN A PARDA

En Pontevedra estamos a tempo de poñer en marcha a que poderíamos chamar *Operación A Parda*. Dentro das nosas posibilidades trátase de recuperar 72.000 m² que nestes momentos están ocupados por infraestruturas ferroviarias e destinalos a espazos urbanos de alta calidade. Á súa vez tamén propoñemos que se dediquen outros 46.000 m² ás novas infraestruturas de transporte e ás actividades comerciais e hostaleiras; estas últimas son as que permitirán xerar as plusvalías necesarias para financiar as actuacións.

Ademais de mellorar as comunicacións terrestres co resto da península, o que sen dúbida aumentará considerablemente as posibilidades turísticas e económicas en xeral de Pontevedra, a *Operación A Parda* en si pode converterse nun polo de creación de emprego. A construción das infraestruturas públicas e privadas dará traballo a centos de persoas, pero



GRUPO MUNICIPAL DE PONTEVEDRA

aínda se creará máis emprego posteriormente unha vez que entren en funcionamento.

Pontevedra debería sacar máis proveito da súa situación estratéxica no noroeste peninsular e xerar maior progreso e riqueza. Contamos co porto marítimo de Marín a escasos quilómetros do casco urbano para transportar mercancías con eficacia. O aeroporto de Peinador atópase a escasos 25 minutos por autopista e nun futuro, coa A-57, tardarase incluso menos. Unha estación intermodal completaría o círculo das comunicacións co exterior.

Na man dos membros da Corporación Municipal está traballar conxuntamente para sacar adiante este proxecto. O Partido Popular insta ao BNG e ao PSdeG-PSOE, e en particular a cada un dos seus concelleiros, a facer desta PROPOSICIÓN un proxecto de todos, sen partidismos, sen ideoloxías, cuxo único obxectivo é contribuír ao desenvolvemento e progreso de Pontevedra.

Estamos convencidos que si sumamos os nosos esforzos, si somos xenerosos en termos políticos, estamos a tempo de dotar a Pontevedra dunha gran estación intermodal para o transporte de viaxeiros por ferrocarril e estrada.

Polo tanto, o Grupo Municipal do Partido Popular presenta para o seu debate e votación no Pleno a presente PROPOSICIÓN a fin de que se acorde dar os pasos necesarios, segundo o exposto no corpo deste escrito, para promover e conseguir a construción dunha estación intermodal e o soterramento das vías do AVE en Pontevedra.

Pontevedra, 18 de marzo de 2009

Asdo. Telma Martín González
Portavoz do G. M. do Partido Popular

SR. ALCALDE – PRESIDENTE DO CONCELLO DE PONTEVEDRA

6

SEDE LOCAL